

NOTIFICACIÓN

Expediente: 2018016008

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o sr. Concelleiro de Seguridade Cidadá e Participación Cidadá do Concello de Ourense, ditou o decreto núm. **2018004662**, de data **03 de xullo de 2018**, que de seguido se reproduce na súa literalidade:

“Vista a solicitude da entidade REMAR Galicia (Rehabilitación de Marginados) co número de NIF: G-36786986, para a súa inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ourense.

Vista a proposta asinada pola funcionaria responsable do rexistro de entidades cidadás e co visto e prace do xefe de servizo de Participación Cidadá, 21 de xuño de 2018, na que se conclúe que a entidade solicitante achega toda a documentación preceptiva segundo o disposto no artigo 28 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Ourense (BOP nº. 154, de 4 de xullo de 2007) e cumpre os requisitos para ser inscrita que establece o artigo 27 da mesma norma.

En virtude do establecido no artigo 29 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Ourense (BOP nº. 154, de 4 de xullo de 2007) a resolución do procedemento de inscrición corresponderá ao concelleiro responsable da área do servizo de participación cidadá.

En uso das atribucións que teño conferidas en virtude de acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de 02 de maio de 2018, e o Decreto no 2018003100, de 02 de maio de 2018, de delegación de atribucións do Alcalde e o artigo 329 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Ourense (BOP nº. 154, de 4 de xullo de 2007) a resolución do procedemento de inscrición corresponderá ao concelleiro responsable da área do servizo de participación cidadá

RESOLVO:

1.- Estimar a solicitude de «REMAR Galicia (Rehabilitación de Marginados)» co número de NIF: G-36786986, sobre a súa inscrición no Rexistro Municipal de entidades cidadáns do Concello de Ourense.

2.- Que sexa inscrita no libro de Rexistro de entidades cidadás do Excmo. Concello de Ourense co número de inscrición “355”.

3.- *Notificar aos interesados ”*

RÉXIME DE RECURSOS-. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A xefa de servizo de Participación Cidadá

